


En Iñás-Oleiros (A Coruña), abril de 2012

Editorial Trifolium publica
ECOS DA NÉBOA
de RICARDO MARTÍNEZ-CONDE

Editorial Trifolium vén de publicar en lingua galega, dentro da súa colección Litterae, o libro de aforismos “Ecos da néboa”, do que é autor Ricardo Martínez-Conde.



Sinopse

O aforismo é unha incitación á reflexión, “o punto de vista do poeta reflexivo ou do filósofo poetizado”, matiza Ricardo Martínez-Conde, autor de “Ecos da néboa”, un libro para abrir por calquera das súas páxinas na procura sosegada do sentido que se queira dar a observacións como

As cifras, sobre todo as do mal, sempre serán revisables á alza

¿Haberá que reivindicar a ignorancia como modo de aclarar algunha das graves dúbidas?

Ordenar, contar as follas unha a unha ata conseguir un libro, ata acadar o número de palabras escollidas que, por unha ou outra causa, non chegamos a pronunciar

O día está feito de sol, de cousas que se tocan coa man, de palabras. Iso axuda a entender, a ordenar, a sentir. Constitúen así a compañía, a paisaxe

Comenta o autor que non é fácil definir que é aforismo: “é como un oco pequeno de luz –di– que pode iluminar un espacio enorme”.

O libro está prologado por Anxo Tarrío Varela.

Autor

Ricardo Martínez-Conde (Aldariz, 1951), realizou os estudos de Fisolofía e Letras e de Doutoramento na Universidade Complutense de Madrid.

Bibliotecario de profesión, é escritor bilingüe en galego e castelán. Colaborador, como ensaísta e crítico literario, en prensa (La Voz de Galicia, El País) e revistas especializadas (Clarín, Revista de Occidente).

Na súa condición de autor cultiva distintas materias literarias como a Poesía: *Lento esvaece o tempo* (Milladoiro, 1990); *Los argumentos de la tarde* (A.G. 1991); *Na terra desluada* (Espiral Maior, 2009); *De cuanto nos es dado* (Calima, 2006). O seu libro de Haikus *Orballo nas camelias* (Sotelo Blanco, 1993) pasa por ser o primeiro publicado en literatura galega. De Ensaio histórico podemos citar *Os Símbolos de Galicia* (Xunta de Galicia, 1993) e *Quevedo y la monarquía: un modelo de rey* (Endymion, 1996). Ten publicado tamen libros de Aforismos: *Debullar* (Galaxia, 1998); *Cuentas del tiempo* (Pre-textos, 2004) e un libro de Relato breve *La luz en el cristal* (Calima, 2011).

Entre os premios acadados cómpre salientar o Premio Benasque de Poesía e o Diploma de Honor no concurso internacional de Relatos Breves "Jorge Luis Borges". No ano 1997 foille outorgado o Premio "Reimóndez Portela" de Periodismo.

Datos

Título: Ecos da néboa

Autor: Ricardo Martínez-Conde

Colección: Litterae

ISBN: 978-84-938669-8-3

Características: Rústica / 14 x 22 cms

Nº de páxinas: 64

Idioma: Galego

PVP (con IVE): 15,00 €